

prensa@xornalgalicia.com

De: "Comunicación da Xunta de Galicia" <comunicacion@xunta.gal>
Fecha: viernes, 13 de marzo de 2020 22:08
Adjuntar: 130320FeijooMedidasCOVID-19.doc
Asunto: A XUNTA ACTIVA O PLAN DE EMERXENCIA DE GALICIA PARA CONTER O CORONAVIRUS

O titular do Goberno galego presidiu esta tarde a reunión extraordinaria do Consello

A XUNTA ACTIVA O PLAN DE EMERXENCIA DE GALICIA PARA CONTER O CORONAVIRUS

- *Feijóo incide en que o obxectivo é que coa maior celeridade se poida garantir que, con carácter xeral, os cidadáns permanezan nos seus fogares*
- *Avanza algunha das medidas adoptadas hoxe: peche ao público de bares, restaurantes e cafeterías, podendo prestar servizos de envío a domicilio ou para a súa recollida no local. Cines e teatros. Establecementos de xogo. Salas de concerto e auditorios. Recintos feirais. Establecementos de ocio e entretemento – salas de festa, discotecas, pubs, furanchos e cafés espectáculos-. Centros de ocio infantil. Pavillóns e recintos deportivos, ximnasios e piscinas. E albergues do Camiño*
- *Ten palabras de agradecemento para os profesionais sanitarios polo seu traballo de atención aos afectados, e polo seu esforzo para estudar as posibilidades que hai para conter o virus*
- *Recorda que a páxina web: coronavirus.sergas.gal, está á disposición dos cidadáns para resolver calquera dúbida*
- *“Estamos sufrindo unha ameaza que nos afecta a todos. De todos depende que a superemos e a todos nos corresponde actuar con responsabilidade”, afirma, apelando á unidade, á solidariedade e á responsabilidade*